


2001



PROGRAMA

MÚSICA GALEGA

Galiza II (marcha)
Marcial del Abalid

Sinfonia nº 2
Nas montañas de galiza. 2º mov.
Andrés Gaos

Marcha fúnebre
Gregório Baudot

Belas artes (Paso-dobre)
Aurélio Nieto

MÚSICA DE CINE

Parque xurásico
John williams

Melodia desencadeada
Gosht
Alex North

Marcha de películas
A ponte sobre o rio Kwai
O libro da selva
Star Trek
Indiana Jones
Arr.: John Moss

Nove semanas e média
You can leave you hat on
R. Newman / Joe Cocker

**IGREXA
PARROQUIAL**
venres 22 de xuño

MARCEL VAN BREE
DIRECTOR




EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

Banda Sinfónica
Municipal de Ribadeo



Concerto restituído tralo falecemento de Hernán



CONCERTO

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

Coa celebración dos dez anos en vista a B.S.M. de Ribadeo e o seu entorno vense confrontados coa perda do noso director Hernán Naval. A súa incasabel labor como profesional (director, organizador e profesor) e a súa aparencia como amigo e compañeiro (sempre dispoñíbel), e fan difícil cavilar que temos que atopa-lo camiño para seguir adiante coa súa loita para un millor nivel de ensino musical e unha millor imaxe das bandas de música.

O que significaba Hernán para a nosa agrupación difícilmente se pode explicar con palabras pero vese reflexado no que representa a nosa banda a nivel musical e social (Amadores, socios, público) en Ribadeo.

Hoxe, o día do concerto, ofrecemo-lo programa con música galega e de cine tal como o tiña previsto Hernán para demostra-lo seu agarimo cara a nós e o seu esforzo pola vida cultural dunha vila onde a súa persoa sempre seguirá presente.

Marcel

Hernán Demiurgo

Segundo Platón, o Universo é obra dun Demiurgo, dun artesán divino. O mundo debe ser visíbel e tanxíbel e para elo debe conter os catro elementos, na súa xusta medida. Estes catro elementos están compostos por moléculas. A súa figura é respectivamente a de catro poliedros regulares. Respecto á forma do Universo, debe ser a máis perfecta; escolle pois a esfera. O seu movemento será o das revolucións da esfera sobre si mesma.

Este movemento ten o seu principio nunha ialma, que describe como un sistema de órbitas concéntricas, dispostas no Ceo seguindo as distancias que corresponden aos intervalos musicais. Os seus periodos miden o tempo eo ritmo.

Nada millor que esta descripción que fai Platón do gran arquitecto para identificar a Hernán sen vanidade algunha pero sen modestia tamén, ao facer creativo. En definitiva, a alquimia que o artesán divino utiliza na mistura dos catro

ChenChu

elementos, o recurso ás verdades eternas asociado á música eran propias de pensar e actuar do míster.

Neste século que exalta o triunfo do materialismo, da globalización máis groseira e descarada, que se ben nos enche de obxectos e música de deseño, baleíranos cada vez máis, se cabe, de contido. Tentando non perde-lo norte no meu deambular e querendo recobra-lo sentido do máxico, e duns valores humanistas lonxe de esoterismos relixións ou calquera outro escapismo, nada mellor que recurrir a un demiurgo enviado polos deuses. Poder mesturarte cun ser mitolóxico e practicar todo tipo de travestismo para obte-los teus fins, facernos a puñeta de cando en vez, todo elo claro está, co seu morbo e en definitiva exhaltando o individualismo e a beleza moral.

Pero agora xa non te podes mesturar. Rematou a mitoloxía antropófaga da cal somos deudores.